

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases específicas bolsa de emprego de arquitectos/as técnicos/as

Polo Decreto desta Alcaldía núm.1851/2024, do 08 de outubro, aprobáronse as seguintes bases de convocatoria de selección de persoal:

BASES ESPECÍFICAS BOLSAS DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA

1ª.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para a formación dunha bolsa de emprego de interinos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario ou calquera das situacións contempladas no art. 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, ou contratacións temporais de carácter laboral do art. 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así coma para substitucións por vacacións ou permisos do persoal educador social, da escala de administración especial, subescala técnica, en todo aquilo que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA ELABORAR BOLSAS DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DURANTE O 2024”, aprobadas por Resolución de Alcaldía 820/2024 de data 30 de abril. d. (BOP núm.88, do 07-05-2024).

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ós/ás aspirantes nomeados/as, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: PBE 03-2024

3ª.-VIXENCIA DA BOLSA.

A vixencia desta bolsa é de tres anos, prorrogables por outros 3, dende a súa aprobación por resolución do alcalde que se publicará no taboleiro e na sede electrónica municipal.

4ª.-CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

- Denominación da praza: Arquitecto/a Técnico/a
- Escala de administración especial, subescala técnica
- Grupo de clasificación: A subgrupo A2.
- Tipo de relación xurídica: persoal funcionario interino/laboral temporal.

5ª.-SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de oposición.

6ª.-TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA.

- Estar en posesión de Grao universitario ou diplomatura universitaria en Arquitectura Técnica ou equivalente segundo a normativa estatal vixente en materia de homologación de títulos universitarios que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto técnico/a. De tratarse dunha titulación obtida no estranxeiro ou no ámbito comunitario, deberá achegarse documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación polas autoridades españolas.

- Estar en posesión do permiso de condución vixente clase B.

- Estar en posesión do título CELGA 4 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 8ª.

7ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

As solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón: <https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo é de **5 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación na sede e/ou no BOP.

8ª.- PROCESO SELECTIVO. OPOSICIÓN.

1.–Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar durante un período máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e baseado no temario completo (parte xeral Anexo I das bases xerais e base 11.ª das específicas). Estará composto por vinte preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Cada resposta correcta puntuará 1 punto, as respostas deixadas en branco non puntuarán e cada pregunta incorrecta restará 0,5 puntos. A cualificación máxima é de 20 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: realización dun suposto práctico relacionado coas materias específicas do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización. Puntuación máxima 30 puntos.

– Nos exercicios obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

– Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

3. Exame de galego.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 6.º realizarase unha proba de nivel ás persoas aspirantes que superaran os exercicios da fase de oposición, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

9ª.- Disposición adicional segunda da Ordenanza de administración electrónica do Concello de Sada (BOP da Coruña do 19 de setembro de 2023)

Disposición adicional Segunda. Participación en procesos selectivos.

1. As persoas que participen en procesos de selección para o acceso ao emprego público como persoal funcionario ou laboral, xa sexa con carácter permanente ou temporal, estarán obrigadas a relacionarse coa Administración telemáticamente en todas as fases do correspondente procedemento, dende a presentación de solicitudes ata a elección de destinos, incluídos, no seu caso, as reclamacións e os recursos administrativos que puideran interpoñer.

No suposto do persoal temporal, esta obriga será esixible tanto cando a selección se efectúe a través de convocatorias específicas como cando se realice mediante a constitución e xestión de listas de espera, bolsas de traballo, ou mediante calquera outro procedemento previsto no ordenamento vixente, incluídos os procesos de selección de persoal que polas características e requisitos de determinadas subvencións pasa a ser contratado polo concello.

2. O deber de relacionarse co concello de Sada por medios telemáticos comprenderá a obriga de recibir notificacións electrónicas no caso de aqueles actos ou incidencias que requiran dunha comunicación persoal, de conformidade co disposto no artigo 41.1 e 3, da Lei 39/2015, do 1 de outubro e os artigos 41 a 45 do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo.

3. En cada unha das convocatorias de procesos selectivos indicaranse os medios telemáticos para a presentación e tramitación das solicitudes e de identificación e sinatura admitidos, segundo o disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As convocatorias tamén deberán incorporar a previsión de que se algunha das persoas interesadas presentase a súa solicitude presencialmente requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica, nos termos e cos efectos establecidos no artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que se considerará a todos os efectos coma a data de presentación da solicitude aquela na que se tivera realizado a correspondente emenda.

De ser o caso de que se tiveran determinado os formatos e estándares aos que deberán axustarse os documentos a aportar e os trámites a realizar dentro do procedemento selectivo, se a persoa interesada incumpre coa súa obriga requiriráselle para que, nun prazo de dez días, emende o defecto advertido nos termos establecidos no artigo 73.2, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, coa indicación de que, se así non o fixera e previa resolución, se lle terá por desistido da súa solicitude ou se lle poderá declarar decaído no seu dereito ao trámite correspondente.

Así mesmo, nas ditas convocatorias farase referencia expresa á posibilidade de ampliación de prazos non vencidos como consecuencia de incidencias técnicas que tiveran imposibilitado o funcionamento ordinario do sistema ou da aplicación que corresponda, segundo o disposto no artigo 32.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Por causas excepcionais debidamente motivadas, as convocatorias poderán habilitar, en relación co respectivo proceso selectivo, a utilización de medios non electrónicos para todos ou para parte dos trámites e actuacións.

De igual modo, o órgano convocante, cando concorran circunstancias sobrevindas de carácter técnico ou de calquera outra natureza, poderá autorizar motivadamente o emprego de medios non electrónicos para a relación das persoas aspirantes coa Administración, naqueles trámites nos que poida resultar preciso, debendo incluírse unha referencia a esta posibilidade nas convocatorias correspondentes.

10ª. Asistencia no uso dos medios electrónicos aos interesados.

Segundo o artigo 12.2 parágrafo segundo da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, se algún dos interesados non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou firma electrónica no procedemento administrativo poderá ser validamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de firma electrónica do que estea dotado para iso. Neste caso, será necesario que o interesado que careza dos medios electrónicos necesarios se identifique ante o funcionario e preste o seu consentimento expreso para esta actuación, do que deberá quedar constancia para os casos de discrepancia ou litixio.

11º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

12.- Evolución histórica do Dereito Urbanístico español.

13.- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

14.- Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.

15. A Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia. Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.

16. Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. O Decreto 20/2011 polo que se aproba o plan de ordenación do litoral de Galicia.

17.- Normativa urbanística aplicable na Comunidade de Galicia: Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia. O Regulamento da Lei do Solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

18.- Réxime urbanístico do solo urbano.

19.- Réxime urbanístico do solo de núcleo rural.

20.- Réxime urbanístico do solo urbanizable.

21.- Réxime urbanístico do solo rústico. Edificacións tradicionais.

22.- Planeamento urbanístico. Disposicións xerais.

23.- O plan básico autonómico e os plans básicos municipais.

24.- Os Plans xerais de ordenación municipal. Formulación e contido. Determinacións. Documentación. Procedemento para a súa aprobación.

25.- Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais. Os Plans parciais: Disposicións xerais. Obxecto. Determinacións e documentación. Plans especiais: Finalidades e clases.

- 26.- Delimitacións do solo de núcleo rural. Estudos de detalle. Catálogo de bens e espazos protexidos.
- 27.- Vixencia e modificación dos plans. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento. Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia.
- 28.- Normas de aplicación directa.
- 29.- Áreas de repartición. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución.
- 30.- Regras xerais para a equidistribución.
- 31.- Sistemas de actuación.
- 32.- Obtención de terreos de sistemas xerais e locais.
- 33.- Patrimonios públicos de solo.
- 34.- Fomento da edificación, conservación e rehabilitación.
- 35.- Intervención na edificación e uso do solo. Títulos habilitantes de natureza urbanística. Licenzas urbanísticas. Comunicacións previas. Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade. Actos promovidos por administracións públicas.
- 36.- Parcelacións. Parcelacións urbanísticas. División e segregación de predios en solo rústico. Réxime de parcelacións e divisións de terreos.
- 37.- Disciplina urbanística. Inspección urbanística.
- 38.- Disciplina urbanística. Protección da legalidade urbanística.
- 39.- Disciplina urbanística. Infraccións e sancións.
- 40.- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- 41.- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.
- 42.- O código técnico da edificación: disposicións xerais. Contido. Condicións técnicas e administrativas. Esixencias básicas. Documentos básicos. Ámbito de aplicación. DB-SE: seguridade estrutural. DB-SI: seguridade en caso de incendio. DB-SUA: Seguridade de utilización. DB-HS: Salubridade. DB-HR: Protección contra o ruído. DB-HE: Aforro de enerxía.
- 43.- Regulación do exercicio de actividades: A Lei 9/2013 de emprendemento e competitividade de Galicia e o Decreto 144/2013, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 44.- Regulación dos espectáculos públicos e actividades recreativas na Comunidade autónoma de Galicia.
- 45.- Produción e xestión dos residuos da construción e derrubamento. Concepto. Obrigas do produtor de residuos de construción e derrubo.
- 46.- A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Título I, da vivenda en xeral. O Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivenda en Galicia.
- 47.- Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997: disposicións específicas das fases de proxecto e execución das obras. O coordinador. Estudo de seguridade e saúde. Estudo básico de seguridade e saúde. Real decreto 486/1997 de seguridade e hixiene no traballo.
- 48.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras en Galicia. Normativa estatal e autonómica. Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básica de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados. Lei 10/2014 e Decreto 35/2000.
- 49.- A certificación enerxética. Real Decreto 390/2021, do 01 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios: Capítulo I e II. Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 50.- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Inspección. Infraccións e sancións en materia de ruído. O Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.
- 51.- Lei 21/2013 de avaliación ambiental. Principios e disposicións xerais. Real decreto legislativo 1/2016 polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación. Disposicións xerais e finalidade e aplicación do réxime xurídico da autorización ambiental integrada.
- 52.- Lexislación en materia de estradas. A Lei 37/2015 de estradas e o seu regulamento. A Lei 8/2013 de estradas de Galicia e o seu regulamento. A súa incidencia no urbanismo.
- 53.- Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

54.- Lexislación en materia de augas. Dominio público hidráulico e as súas zonas de protección (servidumes e outras limitacións). A súa incidencia no urbanismo.

55.-Lexislación estatal en materia de paisaxe.

56.-Lexislación estatal e autonómica en materia de costas e portos.

57.-Lexislación estatal e autonómica en materia de servidumes aeronáuticas e súa incidencia no urbanismo.

58.- O PXOM do Concello de Sada.

59.- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público: Título preliminar. Delimitación dos tipos contractuais. Partes no contrato. Preparación dos contratos. Selección do contratista e adxudicación dos contratos. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.

60.- O contrato de obras na lexislación de contratos do sector público. Actuacións preparatorias. A execución do contrato de obra. Réxime de relacións co contratista. Modificacións e alteracións do contrato. Suspensión das obras. Revisión de prezos. Recepción e liquidación. Os proxectos de obras. A súa autorización. Anteprojectos e estudos previos. Estrutura do proxecto. Pregos de cláusulas administrativas: xerais e particulares. As normas técnicas e os pregos de condicións técnicas.

61.- O acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Normativa de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

62.- A protección de datos de carácter persoal. Normativa reguladora. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.

63.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: consideración de persoa con discapacidade e dereitos.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 8 de outubro de 2024

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2024/7095